



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Literatura Portuguesa 1	Código	613G02026	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Portugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
Profesorado	Martinez Pereiro, Carlos Paulo	Correo electrónico	carlos.pereiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo das grandes liñas da literatura portuguesa clásica a partir do tema da viaxe (séculos XV e XVIII)			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A8	Ter dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Aplicar a análise e o comentario críticos a textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2 A11	B3 B7
Aplicar na práctica o dominio instrumental oral e escrito dunha segunda lingua estranxeira.	A8		C2
Incorporar e aplicar un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.	A11 A14 A15 A18 A20	B1 B6	
Distinguir os diferentes estratos e realidades da historia e a cultura das comunidades lusófonas.	A14 A20	B3 B7	



Aplicar de maneira relacional os coñecementos adquiridos cos doutras áreas e disciplinas	A8 A11 A14	B1 B5 B8	C4
Identificar e avaliar as potencialidades positivas da asunción da diversidade.	A20	B3 B5 B8	C4
Reunir e identificar as capacidades e destrezas para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, na procura de aplicar as capacidades adquiridas a analizar a realidade, diagnosticar problemas e/ou formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		B5 B8	C4

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O RENASCIMENTO PORTUGUÊS E A LITERATURA CLÁSSICA PORTUGUESA	1.1- A expansión ultramarina e os problemas histórico-culturais particulares do Renascimento portugués. 1.2 - Questões metodológicas e de periodización.
2. O TRATAMENTO LITERÁRIO DA VIAGEM: A 'ÍNDIA' VISTA DESDE A PÁTRIA ABANDONADA	2.1 - A expansión em modelos literários medievais 2.1.1 - O teatro de Gil Vicente 2.1.2 - A poesía do Cancioneiro Geral de Garcia de Resende 2.2 - A via racional e a "aurea mediocritas"; na poesía classicizante 2.2.1 - A poesía de Sá de Miranda 2.2.2 - O "Velho do Restelo";
3. O TRATAMENTO LITERÁRIO DA VIAGEM: O EXÍLIO	3.1 - Exílio, estranhamento e interrogación do eu 3.1.1 - A "Menina e Moça"; de Bernardim Ribeiro 3.1.2 - A lírica de Camões
4. O TRATAMENTO LITERÁRIO DA VIAGEM: A LITERATURA DE VIAGENS	4.1 - A épica camoniana 4.1.1 - Género antigo e experiencia moderna 4.1.2 - O encontro com a diferença e os limites da racionalidade 4.2 - A visión disfórica 4.2.1 - A "Peregrinação"; de Fernão Mendes Pinto 4.2.2 - A "História Trágico-Marítima";
5. A IDEIA DE REFUNDAÇÃO NO BARROCO PORTUGUÊS	5.1 - A oratória sacra do Pe António Vieira 5.2 - A estranheza de Francisco Rodrigues Lobo
6. O NEO-CLASSICISMO.	6.1. Distanciamiento crítico e despersonalización. 6.2. A temática do quotidiano e o verso libre
7. O PRÉ-ROMANTISMO	7.1. - As influências e as afluências (para)românticas 7.2. - O individualismo pré-romântico 7.2. - O autorretrato em Bocage

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A18 A20 B8 B5 C4	14	21	35
Obradoiro	A2 A11 A14 A15 B1 B3 B6	22	33	55
Lecturas	A2 A8 A14 A18 A20 B3 B5 B7 B8 C2 C4	1	30	31
Traballos tutelados	A2 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7	1	10	11



Recensión bibliográfica	A11 A15 B5	1	4	5
Presentación oral	A11 A15 B3 B7 C2	1	1	2
Proba mixta	A2 A11 A18 A20 B5 C2	2	8	10
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contéplanse, alén doutras, a análise de fontes documentais, os comentarios de textos, a resolución de problemas, as prácticas a través de TIC, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, está a relación de obras que o/a alumno/a debe ler ao longo do curso.
Traballos tutelados	Texto(s) orai(s) e/ou escrito(s) en que o alumnado analizará algunha(s) da(s) obra(s) de lectura obrigatoria.
Recensión bibliográfica	Reseña(s) avaliativa(s) de determinadas aportacións bibliográficas
Presentación oral	Presentación oral dalgún(s) dos comentarios de textos realizados.
Proba mixta	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais de diferente tipo, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a alumno/a recibirá toda a orientación e axuda que precise para a realización dos seus traballos. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada unha das actividades ao longo do curso e segundo a planificación da materia. O alumnado con dispensa académica deberá entrar en contacto co profesor ao inicio do curso para fixar as actividades e traballos substitutivos da asistencia académica que necesariamente deberá realizar.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A2 A11 A14 A15 B1 B3 B5 B6 B7	Texto(s) orai(s) e/ou escrito(s) en que o alumnado, seguindo un roteiro fornecido polo profesor, analizará algunha(s) da(s) obra(s) de lectura obrigatoria, avaliándose a súa precisión e o seu axeitamento aos contidos e ás competencias previamente formulados.	15
Recensión bibliográfica	A11 A15 B5	Avaliación da adecuación, sustentabilidade e pertinencia dos xuízos emitidos na(s) reseña(s) avaliativa(s) de determinadas aportacións bibliográficas.	5
Presentación oral	A11 A15 B3 B7 C2	Avaliación da capacidade expositiva e da profundidade e adecuación dos contidos expostos na presentación oral dalgún dos comentarios de textos realizados. Para alen do antes referido e da utilidade das presentacións para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clarezza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipo.	10



Proba mixta	A2 A11 A18 A20 B5 C2	Proba escrita que combinará actividades de carácter ensaístico con comentario de textos e análise de fontes documentais, avaliando tanto a precisión expresiva e conteudística, canto o axeitamento do disertado, do comentado ou do analizado ás competencias a adquirir e aos obxectivos a atinxir, previamente formulados para cada unha das tres modalidades polo profesor.	40
Lecturas	A2 A8 A14 A18 A20 B3 B5 B7 B8 C2 C4	Terán de realizarse as lecturas obrigatórias por parte do alumnado, sendo avaliadas ao longo do desenvolvemento das aulas. O control destas lecturas será realizado por medio de recensións "ad hoc" e/ou en sesións específicas na sala de aulas, avaliando a capacidade de comprensión e a síntese estruturada das principais ideas contidas nos materiais obxecto da lectura, en relación cos contéudos focados e as competencias previstas na materia.	10
Obradoiro	A2 A11 A14 A15 B1 B3 B6	Avaliación das actividades de diferente tipoloxía referidas na metodoloxía. Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para cada actividade tipolóxica.	20

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Así mesmo, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliados/instrumentos de avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante; se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Na segunda oportunidade, para superar a materia, haberá que superar as mesmas probas e cumprir as mesmas exigencias que na primeira.

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o alumno/a non asistira á proba mixta e/ou cando tiver entregado un número das actividades contempladas inferior ao 50%

Fontes de información

Bibliografía básica	?Reis, C. (dir) et alii: História crítica da literatura portuguesa (Lisboa: Verbo)*Vol. II (Humanismo e Renacemento)*Vol. III (Maneirismo e Barroco)*Vol. IV (Neoclasicismo e Pré-romantismo)?Saraiva, A. J. & Oscar Lopes: História da literatura portuguesa (Porto: Porto Editora)
Bibliografía complementaria	OBRAS DE LEITURA OBRIGATORIA: ?Auto da índia de Gil Vicente?Seleção de sonetos do período clásico?Cantos IX e X de Os Lusíadas de Luís de Camões?Episódio da "Ilha dos Ladrões" da Peregrinação de Fernão Mendes Pinto?Doce canto em terra alheia? Antologia da lírica camoniana?Sermão da Sexagésima do P. António Vieira

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Literatura Portuguesa 2/613G02037

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías